

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE XANEIRO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1268/2014 E LAP/232/2013.- JOSÉ NIETO ABELEDA.- Autorizar as obras de rehabilitación dun edificio para uso hoteleiro (café-bar restaurante e pensión dunha estrela) sito na rúa do Franco nº 13

LIC/763/2013 E LAP/194/2013.- ALGALIA HOSTELERÍA, S. L.- Autorizar as obras de rehabilitación dun edificio para pensión sito na rúa Algalia de Arriba nº 44.

LIC/1304/2014.-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN

UNIVERSITARIA – SECRETARIA XERAL DE CULTURA.- Autorizar a licenza para restauración do campanario derrubado no Mosteiro de San Martiño Pinario sito en Praza de San Martiño.

PARCELACIÓNS.-

LIC/448/2013.- MARIA MANUELA FONTENLA FERREIRO.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/05/2013 deixando sen efecto a devandita resolución e, en consecuencia, autorizar á interesada para parcelar unha finca sita na rúa do Empedrado nº 33.

LIC/1425/2014.- CESAREO TELLA SANTA MARTINA E CARMEN BEIRAS PONTE.-

Declarar a innecesariedade da licenza de parcelación dunha finca sita na rúa do Valiño.

LIC/1665/2014.- FRANCISCO JAVIER PINAQUE VAZQUEZ.- Autorizar a licenza para parcelamento dunha finca sita no lugar de Cortiñas Suas Casas, parroquia de San Cristóbal do Eixo.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1187/2014.- Ignacio Cid Gómez.- LIC/2075/2010 1.500 €.-

1.- Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local.

Acordouse a formalización da delegación de competencias da Xunta de Goberno no exercicio da potestade sancionadora derivadas das prohibicións da ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria na concelleira delegada da área de Asuntos Sociais, María José Corral.

2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de obras de rehabilitación dun edificio para uso hoteleiro, sito na rúa do Franco, nº 13 (LIC/1268/2014 e LAP/232/2013).

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de obras de rehabilitación dun edificio para pensión sito na rúa Algalia de Arriba, nº 44. (LIC/763/2013 e LAP/194/2013).

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de obras de restauración do campanario derrubado do Mosteiro de San Martiño Pinario, sito na Praza de San Martiño. (LIC/1304/2014).

Foron autorizadas tres licenzas, dúas para obras de rehabilitación de edificios para uso hoteleiro e unha terceira para a restauración do campanario do Mosteiro de San Martiño Pinario.

A primeira licenza é para un café-bar, restaurante e pensión de 1 estrela na rúa do Franco nº 13 (Bar Dakar), sobre unha superficie total de 355 m² distribuídas no soto, baixo, dúas plantas e baixo cuberta, cun orzamento estimado segundo a documentación presentada de 185.246 euros.

A segunda licenza é para pensión de 2 estrelas na rúa da Algalia de Arriba nº 44, para actuar sobre unha superficie de 355 m² e coa mesma distribución de soto, baixo, dúas plantas e baixo cuberta. O orzamento previsto no proxecto presentado é de 178.200 euros.

Por último, a licenza para as obras en San Martiño Pinario diríxese á restauración dos danos ocasionados no campanario do Mosteiro pola caída da cruz e do remate superior, así como resolver outras patoloxías, como a limpeza, encintado e hidrofugación da fábrica do campanario. Estas obras serán desenvolvidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cun orzamento de execución de 83.339 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á modificación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.5.2013 deixandoo sin efecto e, en consecuencia, autorizar á interesada para parcelar unha finca sita na rúa do Empedrado nº 33. (LIC/448/2013).

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a declarar a innecesariedade da licenza de parcelación dunha finca sita na rúa do Valiño. (LIC/1425/2014).

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para parcelamento dunha finca sita no lugar de Cortiñas Suas Casas, parroquia de San Cristóbal do Eixo. (LIC/1665/2014).

Adoptáronse 3 acordos relacionados coa parcelación de fincas:

O primeiro acordo simplemente corrixe un erro dun acordo adoptado anteriormente pola Xunta de Goberno, onde se facía constar na autorización dunha parcelación na rúa do Empedrado (parroquia de San Paio) unha superficie equivocada da parcela matriz (1.131 m² no canto dos 2.387 m² reais).

O segundo acordo declara, a petición da interesado, que non resulta necesaria licenza de parcelación dunha finca na rúa Valiño (zonas das Fontiñas) por estar xa parcelada de facto logo da expropiación realizada para as obras da rúa Pilar Miró.

E o terceiro acordo autoriza unha parcelación no lugar de Cortiñas Súas Casas, da parroquia de San Cristovo do Eixo, sobre unha parcela matriz de 1.940 m², resultando dúas parcelas de 935 m² e de 1.005 m².

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de devolución de fianza. (LIC/1187/2014).

Accedeuse á devolución dun aval, por importe de 1.500 euros, constituído para a reposición de servizos urbanísticos afectados pola construción de vivenda unifamiliar no lugar do Pedrido-Vilestro (nº 42), logo de comprobar a existencia de licenza de primeira ocupación e o cumprimento das condicións contidas na autorización concedida.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de proxecto de restauración do río Sarela, entre o Romaño e Galeras. Fase II.

A actuación pretende limpar, recuperar e sanear o contorno da antiga curtidoría de Pontepedriña de Arriba (O Avío), onde na actualidade se están a desenvolver obras para a creación do Centro Nacional de Formación en materia de Rehabilitación. As obras previstas, encadradas no programa Urbana Santiago Norte, contan cun orzamento de 32.586 euros e un prazo de execución de 53 días hábiles. A través delas vaise recuperar a canle de pedra existente no camiño que linda coa edificación, construírse outra nova para canalizar as augas de escorrentía –saneando toda a zona- e se preparará o propio camiño para o paso de persoas e maquinaria agrícola, incluíndo catro pasos sobre o río con pontellas de pedra. Por último tamén se acondicionará o contorno do muíño, coa limpeza e retirada de depósitos que actualmente impiden a súa posta en funcionamento, a limpeza da canle de evacuación ata o río e a liberación dun ollo cego da ponte existente.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de "Construción dun almacén para a Asociación de Veciños de Angrois".

Acordouse a aprobación do proxecto básico e de execución para levar a cabo a construción do almacén en Angrois, para uso da Asociación veciñal da parroquia. O proxecto contempla a creación dunha edificación compacta de 74 m² (6m x 12,40m), cunha altura máxima de 3,5 metros. Será de formigón armado color sepia, tanto no seu exterior como no interior e terá cuberta a unha soa auga en chapa de cinc-titanio, cun soportal de 21 m² (6m x 3,5m). No seu interior haberá tres estancias: un aseo, un pequeno almacén pechado con chave e un almacén maior destinado a elementos voluminosos e irá dotado con portas con pechadura de seguridade. Tamén se inclúe a instalación eléctrica, iluminación e servizo de abastecemento e saneamento. O importe estimado é de 50.685 euros e o prazo de execución de 3 meses.

11.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á corrección de erros da participación do Concello de Santiago de Compostela no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña. (POS 2015).

12.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á corrección de erros de concesión administrativa outorgada por ADIF para ocupación de inmóble a favor do Concello de Santiago de Compostela. (Zona de Pontepedriña-Cornes).

Procedeuse a corrixir dous erros puntuais detectados en dous acordos de anteriores Xuntas de Goberno en relación coas obras incluídas no Plan de Cooperación da Deputación e coa superficie de cesión por parte do ADIF para as obras do aparcamento disuasorio de Pontepedriña.

13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á expropiación para conexións exteriores do equipamento administrativo de San Lázaro. Desconsignación e pago Parcela 340.

Refírese a aceptación da solicitude presentada pola interesada para desconsignar e pagar a cantidade de 548 euros, correspondente ao prezo xusto dunha expropiación que se resolveu hai 4 anos con motivo da execución das conexións exteriores do equipamento do SERGAS en San Lázaro. A consignación desa cantidade fora acordada daquela ante a imposibilidade de notificación á propietaria.

14.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao proxecto de expropiación para a obtención de terreos para un aparcadoiro disuasorio en Pontepedriña.

Acordouse iniciar o procedemento de expropiación dunha parcela propiedade do ADIF en Pontepedriña, necesaria para a execución das obras do aparcadoiro disuasorio. A parcela ten unha superficie de 982 m² e unha valoración estimada de 1.949 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á demora na execución das Obras de Reforma do local de arquivo municipal no estadio de fútbol de San Lázaro, incluídas no Plan DTC-94 da Excm. Deputación Provincial.

Pola demora nas obras de reforma do local de arquivo municipal no Estadio de San Lázaro, atribuídas ao propio contratista (CYS Hispania, S.L.), acordouse impoñerlle á empresa unha penalidade por importe de 1.599 euros, por ter incorrido nunha demora de 431 días. A cantidade esixida é o resultado da aplicación da fórmula determinada na lexislación estatal de aplicación, e farase efectiva mediante a dedución da cantidade nas correspondentes certificacións de obra.

16 a 57.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 42 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais, 26 relativas a plusvalías de terreos de natureza urbana e as 16 restantes en relación con vehículos de tracción mecánica.

58.- Dar conta do escrito do director da Asesoría Xurídica relativo a expediente de contratación do servizo de mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago.

Deuse conta da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais que estimou o recurso presentado pola empresa ACEINSA Movilidad, S.A., contra a decisión da Mesa de Contratación, adoptada o 8 de xullo de 2014, de excluila da licitación da obra "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico no termo municipal de Santiago".